

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O HUB DE CARÁCTER ESTRATÉGICO ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE XESTIÓN E COORDINACIÓN DO HUB DE INNOVACIÓN DIXITAL

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da VicePresidencia Segunda e Conselleiria de Economía, Emprego e Innovación **DECLARA:**

Que Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Os estatutos atribúenlle, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

A Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia) define o marco para as políticas de investigación e innovación supeditando as prioridades de investimento a tres retos. Cada un destes retos ten asociadas unha serie de prioridades e liñas de acción específicas, aliñadas cos obxectivos e principais programas de innovación nacionais e europeos, entre os que cabe destacar as respectivas axendas dixitais e o programa H2020.

No proceso de diálogo con empresas, universidades, centros de coñecemento e tecnolóxicos para a elaboración do Plan galego de investigación e innovación evidenciouse un amplo consenso respecto



da necesidade de articular novos modelos de colaboración abertos para coñecer as capacidades existentes, cohesionar o sistema de innovación e mellorar o impacto, eficacia e eficiencia das políticas públicas de I+D+i e a súa sustentabilidade.

Considerando este contexto, o Plan Galicia Innova 2020, de forma coherente e coordinada coas orientacións en materia de dixitalización e especialización intelixente da Comisión Europea, aposta por un modelo de hubs de innovación dixital que permitan á pequena e mediana empresa innovar a través das novas tecnoloxías, logrando ser así máis competitivas e gañar en tamaño. Así, a través de dinámicas de colaboración público - privada que agrupen e articulen de forma aberta a todos os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos para Galicia, búscase mellorar a competitividade da economía galega.

Os hubs de innovación dixital son estruturas funcionais de soporte que axudan ás empresas para ser máis competitivas, a mellorar os seus procesos comerciais /de produción, así como os seus produtos e servizos a través das tecnoloxías dixitais.

Os hubs de innovación dixital permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados e facilitan á industria o acceso a diferentes servizos de innovación que posibilitan unha adecuada integración de tecnoloxías emerxentes na súa estratexia de negocio. O enfoque tecnolóxico dos hubs de innovación dixital debe cubrir de forma prioritaria tecnoloxías que presenten un potencial importante para a industria, pero cunha taxa de penetración actual limitada (por ex. conectividade e sensórica, automatización flexible, fabricación aditiva, materiais intelixentes, entre outras)

Co fin de que o modelo de hubs de innovación dixital proposto polo Plan Galicia Innova 2020 poida desenvolver plenamente as súas capacidades e poida conseguir a súa madurez consolidando o traballo realizado en 2019 e 2020, a Axencia Galega de Innovación, organismo que ten a competencia para desenvolver en Galicia instrumentos capaces de estimular e apoiar iniciativas e procesos de colaboración entre os principais axentes de creación e transferencia de coñecemento para promover ámbitos de excelencia (artigo 9 do Decreto 50/2012), desenvolveu unha



convocatoria co obxectivo de seleccionar os proxectos de hubs de innovación dixital que contribuíran ao avance da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3).

Segundo a Resolución do 5 de abril de 2019 (DOG núm. 84, do 3 de maio), o Hub DIHGIGAL-Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia. resultou seleccionado na citada convocatoria. Polo exposto, a Administración galega recoñeceu o seu carácter estratéxico, o cal posibilita que o devandito Hub poida acceder aos instrumentos de apoio público como a axuda que se instrumentaliza a través deste convenio de colaboración entres as partes.

Que o Hub DIHGIGAL-Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia , constituído o .28/11/2019 , é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar. Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, entre os seus fins están:

- Reforzar o ecosistema rexional de excelencia industrial e innovación tecnolóxica de forma que fomente a colaboración e o aproveitament de sinerxias no proceso de transformación dixital das empresas.
- Promover unha visión estratéxica industrial a longo prazo orientada a mellora competitiva e o desenvolvemento sostible impulsando a innovación disruptiva e aberta para alcanzar a dixitalización das compañías.
- Fomentar o cambio cultural das empresas industriais respecto a transformación dixital como afrontala e os seus beneficios, especialmente na PEME.
- Catalizar a colaboración entre os provedores tecnolóxicos e as empresas industriais.
- Se xanela única para a rexión no entorno das novas tecnoloxías dixitais e a fábrica do futuro.
- Fortalecer as capacidade tecnolóxicas das empresas (demanda tecnolóxica) a través de mecanismos de afloramento e concreción de necesidades tecnolóxicas para converter a Galicia nunha rexión líder na industria dixitalizada.
- Fomentar o talento, o capital humano, a transferencia de coñecemento e a innovación aplicada as empresas e, en especial, as Pemes, traballando para ilo con centros de competencia, axentes sociais e educativos.





- Capacitar fortemente os provedores tecnolóxicos locais para que alcancen o nivel tecnolóxico requirido pola fábrica do futuro e transfiran o coñecemento que se poida implementar de forma efectiva as empresas de tecido produtivo.
- Reducir o diferencial competitivo dos sectores produtivos chave con respecto os mellores a nivel mundial.
- Apoiar o emprendemento e o desenvolvemento de novos modelos de negocio que fortalezan o ecosistemas
- Xerar unha imaxe de marca recoñecible e unha estrutura conectada con HUBS da UE
- Promover iniciativas públicas de apoio o DIH e o ecosistema industrial dixital, asesorando en aspectos regulatorios, estratéxicos e plans de accións incluíndo financiamento e convenios públicos.

Con data 16 de decembro 2019 a Axencia Galega de Innovación e o Hub ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA asinaron un convenio de colaboración para financiar as actuacións, desenvolvidas ata novembro de 2020, necesarias para a posta en marcha de citado Hub de Innovación Dixital.

O apoio técnico e financeiro da Axencia Galega de Innovación ao Hub ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA , a través do mencionado convenio dotado cun importe de 200.000 €, permitiulle dispor de recursos para avanzar no coñecemento das necesidades específicas das cadeas de valor, dotarse de recursos humanos, deseñar unha proposta de carteiras de servizos adaptada ás necesidades sectoriais e aliñadas coas tipoloxías de bloques de servizos establecidas no Programa Dixital Europe.

Os avances rexistrados nesa primeira fase de posta en marcha xustifican a necesidade de continuar apoiando aos hubs estratéxicos nesta nova etapa das súas operacións a través dun novo convenio plurianual que permita garantir ao Hub ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA o desenvolvemento das actividades de xestión e coordinación propias da entidade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Que a citada convocatoria prevé a posibilidade do Hub de acceder aos instrumentos de apoio público como por exemplo a axuda que se instrumentaliza a través deste convenio de colaboración, logo da súa constitución formal.

Que para levar a efecto o anterior Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar co Hub ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

Que os convenios de concesión directa de axudas están expresamente previstos, con carácter excepcional, no artigo 19.4 da *Ley 9/2007*, do 13 de xuño, *de subvenciones de Galicia* (LSG) segundo o cal estes convenios serán posibles sempre que “(...) *se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública*”.

Que en todo caso o convenio cuxa sinatura se pretende ten o seu orixe nun procedemento levado a cabo en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Que o Hub ASOCIACIÓN PARA LA DIGITALIZACIÓN DE LA INDUSTRIA DE GALICIA , co NIF G27877166 constituíuse o 28//11/2029 como unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar.

Que as asociacións sen fin de lucro réxense polas disposicións da *Ley Orgánica 1/2002*, do 22 de marzo, *reguladora del Derecho de Asociación* (L.O. 1/2002), e son agrupacións de persoas que se organizan para realizar unha actividade colectiva, que gozan de personalidade xurídica, polo que poden adquirir dereitos e contraer obrigacións, e que teñen patrimonio propio e diferenciado do das persoas asociadas.

Que as actividades que se levarán a cabo ao abeiro do convenio non revisten carácter económico.

Que a exclusión do ánimo de lucro implica que os beneficios que se obteñan derivados do exercicio de actividades económicas deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos fins da asociación, non sendo posible o reparto entre os asociados nin entre os seus cónxuxes ou persoas



con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Que segundo o disposto no artigo 8.3 da *Ley 9/2007*, do 13 de xuño, *de subvenciones de Galicia* “(...) *podrán acceder a la condición de beneficiario las agrupaciones de personas físicas o jurídicas, públicas o privadas (...) que, aun careciendo de personalidad jurídica, puedan llevar a cabo los proyectos, actividades o comportamientos o se encuentren en la situación que motiva la concesión de la subvención*”.

Que no expoñendo VI da L.O. 1/2002 reconécese expresamente a importancia do fenómeno asociativo como instrumento de integración na sociedade e de participación nos asuntos públicos. As asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social para o cal a dita L.O. 1/2002 contempla o outorgamento de axudas e subvencións, condicionado ao cumprimento dos requisitos establecidos en cada caso

Que unha das medidas que contempla a L.O. 1/2002 é a previsión de que as asociacións que persigan obxectivos de interese xeral poidan desfrutar de axudas e subvencións atendendo a actividades asociativas concretas, en todo caso, as subvencións así concedidas so poderán destinarse a ese fin e estarán suxeitas á normativa de subvencións públicas.

Que a finalidade do Hub é prestar soporte e axuda ás empresas, especialmente ás pemes, para ser máis competitivas, e mellorar os seus procesos comerciais o de produción, así como os seus produtos e servizos a través da tecnoloxía dixital.

Que o obxectivo principal do Hub é fomentar a creación de valor a través da adopción de novas tecnoloxías. Sendo por tanto os hubs sistemas de innovación abertos e estruturados que ofrecen servizos á industria, e que permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial e os mercados. Estes DIHs proporcionan conexión cos investidores e axudan á conexión entre os usuarios e os provedores de solucións dixitais.

Que as axudas previstas no convenio consideraranse outorgadas a organismos de investigación nos termos da definición considerada polo Marco de axudas estatais de investigación, desenvolvemento



e innovación (DOUE C 198/1, do 27/06/2014), segundo o cal e tal e como se indica no seu artigo 1.3 relativo ás definicións a ter en conta aos efectos do citado Marco, considéranse “ *ee) «organismos de investigación y difusión de conocimientos» u «organismos de investigación»: toda entidad (...) independientemente de su personalidad jurídica (...) o su forma de de financiación, cuyo principal objetivo sea (...) desarrollo experimental o difundir ampliamente los resultados de las mismas, mediante la enseñanza, la publicación o la transferencia de tecnología(...)*”.

Que as actividades non económicas serán realizadas practicamente en exclusividade, polo que se preverá a exclusión das axudas ás mesmas na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en todo caso, de realizar actividades económicas, estas serán puramente accesorias, é dicir, corresponderán a actividades relacionadas directamente co funcionamento do organismo de investigación, e o seu financiamento, custos e ingresos efectivos deberán ser consignados por separado.

Ao abeiro deste financiamento público de actividades non económicas levaranse a cabo tarefas de ampla difusión mediante sistemas de innovación abertos dos resultados das investigacións levadas a cabo polas empresas ás que prestarán soporte e axuda.

Que á vista do anteriormente exposto quedan acreditadas as razóns de interese público, social e económico, e a converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións da colaboración entre Axencia Galega de Innovación e o Hub DIHGIGAL-Asociación para la Digitalización de la Industria de Galicia, o cal será beneficiario dunha subvención a fondo perdido para o para o financiamento dos custos de xestión e coordinación do Hub de innovación dixital encadradas nos conceptos e baixo as condicións que se detallarán no plan de traballo, que se incorporará como anexo ao texto do convenio.

Que o gasto total das actuacións a desenvolver polo Hub no marco do convenio ascenderán a 300.000,00€ para o período 2022 e 2023, para o que Axencia Galega de Innovación concederá unha





subvención a fondo perdido por un importe máximo de 300.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria e coa desagregación de anualidades que se indica a continuación:

Aplicación orzamentaria: 06.A2.561A.781-0 Código Proxecto 201900005			
ORZAMENTO	2022	2023	TOTAL
	150.000,00€	150.000,00€	300.000,00€

Que nos anteriores importes entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

Esta subvención tramítase de xeito anticipado ao abeiro do artigo 25 do Decreto 11/2019, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Decreto 11/2009).

Que, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da *Ley 14/2013*, do 26 de decembro, *de racionalización del sector público autonómico*, relativo á contratación sustentable, “*Los convenios suscritos por la Administración general de la Comunidad Autónoma y las entidades instrumentales del sector público autonómico podrán ser objeto de modificación cuando tengan como finalidad el logro de los objetivos de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera. Dichas modificaciones tendrán por objeto la reducción del volumen de las obligaciones o la ampliación de su plazo de ejecución*”.

Que o réxime de pagamentos previsto no convenio contemplará a posibilidade de realizar os seguintes pagamentos anticipados ata un máximo dun 60% do importe da subvención concedida, conforme aos artigos 31.6 da LSG e 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da LSG (Decreto 11/2009):

- Anualidade 2022: realizarase un pagamento anticipado, como máximo, polo 100% do importe previsto nesta anualidade. En todo caso, deberá solicitarse de forma motivada antes do 1 de novembro de 2022.





- Anualidades 2023: poderá realizarse un pagamento anticipado por un importe máximo que non supere o 20% da subvención concedida en 2023. Dito anticipo solicitarase de forma motivada antes do 1 de novembro de anualidades 2023. En todo caso, o libramento dun anticipo requirirá da previa xustificación da axuda concedida na anualidade anterior e, no caso de que non se xustifique a totalidade do importe concedido, ou se a dita xustificación non se considerase suficiente, deberá procederse ao correspondente reintegro.

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte dos beneficiarios, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 e realizarase mediante resolución motivada, previa solicitude debidamente xustificada polo Hub.

Que ao abeiro do disposto nos artigos 31.6 da LSG e 62 do Decreto 11/2009 o Hub poderá presentar xustificacións en función do ritmo de execución da acción subvencionada que darán lugar a pagamentos á conta que, sumados aos importes anticipados, non poderán superar o 80% da subvención nin o importe de cada anualidade.

Para desenvolver as actuacións recollidas no convenio, o beneficiario poderá recorrer á **subcontratación**, de acordo coa definición establecida no artigo 27.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia: “cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constituía o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada”.

Para os efectos do establecido no citado artigo 27 da Lei 9/2007, o custo total das subcontratacións non poderá superar o 50% do custo total das actividades subvencionadas, respectando ao efecto as prohibicións establecidas no punto 7 do citado artigo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xustifícase na presente memoria o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Que o convenio que se propón requirirá das seguintes autorizacións do Consello da Xunta de Galicia:

- Ao abeiro do disposto na Resolución do 08/04/1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27/03/1991 (DOG núm. 82, do 30/04/1991), sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e na disposición adicional segunda da *Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno* (DOG. núm 30, do 15/02/2016); por conter obrigas superiores aos 150.000€ e por ser plurianual.
- Á vista do disposto no artigo 63.3 do Decreto 11/2009; para que se autorice a modificación da porcentaxe prevista para pagamentos anticipados no inciso dous do dito artigo 63.1 ata un 60% do importe total da axuda
- En cumprimento do disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009; para eximir da obriga de constituír as garantías exixibles para os supostos de previsión de pagamentos anticipados e a conta. A dita exención contéplase no caso concreto ao considerar a finalidade e interese xeral perseguido coa constitución do Hub, así como o carácter non económico da actividade á que virá obrigado coa sinatura do convenio.

E para que conste, asínase esta memoria, no lugar e data que se indica na marxe.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

